



NOTA INFORMATIVA

ICA Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

1. O COLEXIO RECIBE O XVIII PREMIO MANUEL BEIRAS POLO USO DO GALEGO

Comprácenos informarnos de que o Concello e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela lle conceden ao Colexio o XVIII Premio Manuel Beiras, en recoñecemento pola súa contribución á normalización da lingua galega no ámbito do dereito.

A entrega realizarase este martes 19, ás 20.00 h, nun acto que terá lugar na Cámara de Comercio (San Pedro de Mezonzó, 44, baixo) e ao que poderán asistir todos os colexiados e colexiadas que o desexen.

2. NOVO SERVIZO: PLATAFORMA DE RECLAMACIÓNS A ASEGURADORAS (SDP-LEX)

O Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) asinou un convenio de colaboración con UNESPA e TIREA para a xestión automatizada das reclamacións de danos persoais derivados de accidentes de circulación. Como resultado, desenvolveuse unha plataforma telemática (sdp-Lex) que lles permitirá aos avogados e avogadas, en representación dos seus clientes, comunicar o sinistro á aseguradora e solicitar, con carácter previo á demanda xudicial, a indemnización que corresponda, cumprindo así coa obriga disposta no artigo 7.1 da Lei 35/2015.

Unha das principais características deste servizo é que garante a identidade das partes nas comunicacións. Mediante esta ferramenta telemática, de uso voluntario, os avogados poderán enviar e recibir de maneira segura, inmediata e estandarizada a documentación coas reclamacións dos seus clientes ás aseguradoras.

Esta nova plataforma estará dispoñible a partir do mes de xaneiro nunha ligazón dende a páxina web do Colexio.

3. IX CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE DEREITO DE FAMILIA E SUCESIÓN

O Departamento de Dereito Civil da Facultade de Dereito da USC organiza o IX Curso de perfeccionamento en dereito de familia e sucesións.

Lugar: aula 7 da Facultade de Dereito

Días: xoves

Horario: de 16.00 a 21.00 h

Prazo de preinscrición e matrícula: do 8 ao 23 de xaneiro de 2018

Dereitos de inscrición: 600 € (poderán aboarse en dous prazos)

Programa: ver PDF anexo



FACULTADE DE DEREITO
Área de Dereito Civil

DIRECCIÓN

ÁNGEL LUIS REBOLLEDO VARELA

Catedrático de Dereito Civil

ANA DÍAZ MARTÍNEZ

Profesora Titular de Dereito Civil

INFORMACIÓN E PREINSCRICIÓN

Facultade de Dereito

Área de Dereito Civil

DESPACHO DO PROF. ÁNGEL LUIS REBOLLEDO VARELA

Tfno.: 881 814 649

Fax: 881 814 615

E-mail: angelluis.rebolledo@usc.es

DESPACHO DA PROF^a. ANA DÍAZ MARTÍNEZ

Tfno.: 881 814 743

Fax: 881 814 615

E-mail: ana.diaz@usc.es



FACULTADE DE DEREITO
Área de Dereito Civil

CURSO DE FORMACIÓN CONTINUA



IX CURSO DE PERFECCIONAMENTO

DEREITO DE FAMILIA E SUCESIÓNS

1 DE FEBREIRO - 21 DE XUÑO DE 2018

DIRECCIÓN

ÁNGEL LUIS REBOLLEDO VARELA
Catedrático de Dereito Civil

ANA DÍAZ MARTÍNEZ
Profesora Titular de Dereito Civil

OBXECTIVOS

Sobre a base das importantes reformas substantivas e procesuais introducidas no Código Civil e a Lei de Axuizamento Civil pola lexislación aprobada no mes de xullo de 2015, entre outras, Lei 25/2015, de 2 de xullo, de xurisdición voluntaria, e Lei 26/2015, de 28 de xullo, de protección da infancia e da adolescencia, o curso ten como finalidade facilitar os labores de asesoramento e actuacións ante os tribunais de xustiza e as Administracións Públicas por parte dos profesionais nas materias propias do Dereito de Familia e Sucesións, mediante a adquisición e actualización dos coñecementos necesarios para a resolución dos problemas actualmente máis conflitivos en relación cos procedementos matrimoniais, efectos civís das sentenzas de separación e divorcio (vivenda familiar, custodia dos fillos, dereito de visitas, pensións), sociedade de gananciais, unións de feito, filiación, protección de menores, capacidade e protección da persoa, así como os problemas sucesorios máis vinculados á institución familiar como a sucesión testada e intestada, o sistema lexitimario ou a partición da herdanza, tanto no réxime do Código Civil como, sobre todo, nas especialidades propias do Dereito Civil de Galicia.

DESTINATARIOS

Avogados, procuradores, letrados das Administracións Públicas, asesores xurídicos, persoal auxiliar da Administración de Xustiza, profesionais do Dereito en exercicio, interesados na materia, e licenciados e graduados en Dereito en formación (alumnos do Máster da avogacía e procuraduría, opositores, persoal interino).

TITULACIÓN

Diploma de aproveitamento. Título propio da Universidade de Santiago de Compostela

LUGAR E DATAS DE CELEBRACIÓN

Aula 7 da Facultade de Dereito de Santiago

Do 1 de febreiro ao 21 de xuño de 2018

HORARIO Xoves, de 16:00 a 21:00 horas

PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA Do 8 ao 23 de xaneiro de 2018

DEREITOS DE INSCRIPCIÓN 600 €

Poderá aboarse en dous prazos: ata o 23/1/2018 (1º) e 30/3/2018 (2º)

PRAZAS LIMITADAS

PROGRAMA

MÓDULO I. DEREITO DE FAMILIA

I. AS CRISES MATRIMONIAIS E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

1. Os procesos matrimoniais: medidas previas, coetáneas e definitivas. Proba e intervención de terceiros
2. Efectos pactados polos cónxuxes: pactos previos e convenio regulador. Impugnación
3. Alimentos, garda e custodia dos fillos: dereito de visitas
4. Pensión compensatoria e indemnizacións entre cónxuxes por dano moral
5. A vivenda familiar e a atribución do seu uso: consecuencias
6. A violencia de xénero e as súas consecuencias
7. Liquidación da sociedade de gananciais: aspectos civís e procesuais
8. Dereito de Familia e problemas de Dereito Internacional e Interrexional Privado

II. OUTRAS CUESTIÓN

1. Maiores, discapacitados e incapacitados: autotutela, poderes preventivos, testamento vital, patrimonios protexidos
2. Menores e filiación: desamparo, acollemento e adopción. Privación da patria potestade. Accións de filiación

MÓDULO II. DEREITO DE SUCESIÓN

I. A SUCESIÓN EN XERAL

1. Adquisición da herdanza: *ius delationis*, dereito de acrecer e de representación
2. Aceptación da herdanza: aceptación tácita e aceptación *ex lege*
3. Efectos da aceptación da herdanza: a comunidade hereditaria e o seu réxime xurídico
4. A partición da herdanza: partición polo testador, contador partidor e polos herdeiros: a partición por maioría
5. Operacións particionais: a colación. Efectos e impugnación da partición
6. Partición xudicial: procedemento

II. SUCESIÓN TESTADA E INTESTADA

1. A sucesión testada: o testamento mancomunado e por comisario
2. Contido do testamento: as substitucións vulgar e fideicomisaria
3. Os legados
4. A sucesión intestada

III. O SISTEMA LEXITIMARIO

1. O sistema lexitimario e a lexítima no réxime do Código Civil
2. O sistema lexitimario no Dereito Civil de Galicia: cálculo e pago
3. Os pactos sucesorios no Dereito Civil de Galicia: apartación e mellora

MÓDULO III. OUTRAS CUESTIÓN

1. Réxime xurídico das unións de feito: ruptura e aspectos sucesorios
2. A empresa familiar e os protocolos familiares

MÓDULO IV. ASPECTOS TRIBUTARIOS

1. A fiscalidade no Dereito de Familia e Sucesións

PROFESORADO

- MARTA CARBALLO FIDALGO, Contratada Doutora de Dereito Civil da USC
- SILVIA DÍAZ ALABART, Catedrática de Dereito Civil da Universidade Complutense de Madrid (emérita)
- ANA DÍAZ MARTÍNEZ, Profesora Titular de Dereito Civil da USC
- CARLOS DÍEZ SOTO, Catedrático de Dereito Civil da Universidade de Murcia
- MARÍA ÁNGELES EGUZQUIZA BALMAEDA, Catedrática de Dereito Civil da Universidade Pública de Navarra
- MARÍA DE LOS ÁNGELES GONZÁLEZ SANTOS, Maxistrada do Xulgado de 1ª Instancia núm. 1 de Pontevedra
- ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da USC
- ISABEL LOURO GARCÍA, Notaría, Decana do Ilustre Colexio Notarial de Galicia
- JAVIER MASEDA RODRÍGUEZ, Profesor Titular de Dereito Internacional Privado da USC
- SUSANA MOYA MEDINA, Avogada do ICA Madrid
- ANTONIA NIETO ALONSO, Profesora Titular de Dereito Civil da USC
- VÍCTOR PEÓN RAMA, Notario da Coruña
- MARGARITA PÉREZ-SALAZAR RESANO, Maxistrada do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Pamplona
- JAVIER PÉREZ MARTÍN, Maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia núm. 7 de Córdoba
- JULIO PICATOSTE-BOBILLO, Maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Vigo. Profesor Asociado da Universidade de Vigo
- MARIO PIÑEIRO VÁZQUEZ, Fiscal Xefe da Fiscalía da Área de Santiago de Compostela
- ÁNGEL LUIS REBOLLEDO VARELA, Catedrático de Dereito Civil da USC
- JOSÉ LUIS SEOANE SPIEGELBERG, Maxistrado. Presidente da Audiencia Provincial da Coruña. Profesor Asociado da Universidade da Coruña